



## EVA XANIM

Alumna da promoción 2007  
Premio Portabales ao mellor expediente académico no  
Bacharelato (2012 )

Intervención na mesa redonda sobre o 175 aniversario do Instituto  
(30-11-2017)

Boa tarde a tod@s (mellor digo noite).

En primeiro lugar, quero agradecer ao profesor M.C Matalobos Cerceda a organización desta xornada e a invitación á mesma. É un pracer estar aquí rodeada de tanta historia e de tan boas compañías. Son moitas as lembranzas, os recordos que van e veñen...

Corría o ano 2010 (como vedes non son tan vella), a primeira vez que as miñas pegadas se achantaron na soleira do instituto xunto a un rebulir de nenas/os e de profesores/as. E ollabas cara a un lado e alá estaba o mapa de Fontán e virabas cara o outro e alí se alzaba o mural de M. A. Macía; aínda máis, erguías as fazulas ao teito e alí estaba o... non si como chamarlle... “o *aguilucho*”. Por que seguiría aínda alí? Pronto entendín o valor da historia, aínda que non tivese a oportunidade de ser alumna de Antonio Prado...

Sentíame pois como o “bicarelo do pico do brelo” no cosmos estudantil do Instituto, a isto sumado que acababa de aterrar das montañas ancaresas, do val do río Navia. Sen dúbida ningunha, un trazo único que se salienta do centro e que é un valor único na súa identidade: a diversidade xeográfica, de procedencia do alumnado, que se torna en xerador de riqueza nas aulas (xa lle gustaría a algún dialectólogo traballar aquí!).

E aqueles corredores que ao principio semellaban de longos como da proa a popa do Titanic, cada vez ficaban máis pequenas, máis cativos... e neles viviamos choros e namoros, rifas e sorrisos, mentres o mundo alí fóra seguía a correr. De sotaque chegaba Olga ou Fernanda, ou Mar ou Maite, entre unha longa retaiña de nomes e os corredores quedaban en silencio.

E neste silencio vou contarvos un segredo... Moitos deles nas clases fardábannos (nomeadamente os de literatura) do paso polo instituto de tal figura ou tal outra, da impartición da docencia nel de tal persoeiro ou tal outro (teño o pracer de ter hoxe a miña beira ao profesor Alonso Montero). Mais sen se decataren que el@s eran para nós os grandes heroes daquel presente; eran os nosos modelos, aínda que nin todo monte fose ourego e nos viñesen con desgustos ao final de cada trimestre (todo hai que dicir!).

E correu o outono e veu o inverno, e entramos na primavera e, por fin, chegamos á ansiada graduación. Por fin as sementes deron colleita despois de tanto sachar @s nos@s docentes nela (non sei como saíades vivos/as cunha ratio de máis de 25 alumnos por clase e varias clases o día...). E apareceu o premio Portabales, a cea posterior con esa nosa familia do instituto e as despedidas enfiadas con esa felicidade por marcharmos alí fóra. Algúns pensaban non volver nunca máis e outras tivemos saudades de volver cada pouco.

Ben, pois sabendo que “cada sitio ten seu uso e cada roca seu fuso” fun cursar Filoloxía a Santiago, reencontrándome no camiño con moit@s d@s meus e miñas compañeir@s, cada un por un derroteiro distinto e espaxados en distintas facultades. E nas nosas conversas, ben de mañá, á tarde ou, sobre todo, á noite sempre había un certo misticismo cara ao noso instituto, cara a eses anos de adolescencia que conformáramos dentro del, esa lembranza dunha adolescencia perdida.

No meu caso, catro anos de Grao un máis de Posgrao foron suficientes para pousar os pés, novamente, sobre a soleira do instituto e sentir o mesmo rebulir ao meu redor. Ao fondo do *hall*, o profesor Matalobos (como non podía ser doutro xeito) agardándome o meu primeiro día como profesora de prácticas. Coas doutrinas de P. Freire na cabeza e un feixe de incertidumes. Si, incertidumes! Escoitastes ben! Incertidumes alentadas polos medios de comunicación, que se os rapaces xa non eran como antes... E eu preguntábame, logo como serán? Que se os adolescentes son imposíbeis... E eu cavilaba, menos mal que marchei hai só 5 anos... Todo mentira, non creades nos medios de comunicación, xamais!

Atopeime cun alumnado marabilloso, cunha gran capacidade humana, outramente a vontade de aprender variaban un bocado en escala... Mais o

cooperativismo e a creatividade sempre estaban aí ao son da palabra (será por iso que de aquí saíron tan bos escritores e escritoras, e sairán). Tamén me atopei cun profesorado, e para describilo dende a miña óptica vou contarvos una pequena historia. Como docente en prácticas tiveron a oportunidade de asistir a unha das avaliacións (momento en que descubres que as avaliacións son menos serias do que pensabas...) e unha das persoas alí presentes dixo: “chamoume unha nai agradecendo a proximidade do profesorado co alumnado porque a súa filla ao vir dun centro pequeno pensaba que non ía ser así...”

Esa querenza do profesorado polo estudantado e viceversa torna ao *Lucus Augusti* nun centro de ensino de calidade, malia a etapa en que vivimos. Esa querenza, do meu punto de vista, é o que fai que sexa hoxe un referente histórico este instituto, tanto para os lucenses como para as persoas da Terra Chá, da Terra Brava ou dos Ancares; para os galegos e incluso a nivel estatal, dentro da Rede de Institutos Históricos.

Podo considerarme unha afortunada por, aos meus anos, ter a perspectiva de alumna, mais tamén poder descubrir o que espero que nun futuro sexa o meu traballo: a docencia, nun centro destas características, que mestura a modernidade tecnolóxica coa antigüidade dos séculos, coa historia. Unha historia recuperada e reconstruída por moitos dos aquí presentes con gran esforzo e sen veren recompensa económica ningunha (restaurando láminas, recompilando documentos, clasificando obras antigas, entre un longo etcétera).

Unha historia que ten que ser transmitida ás novas xeracións a través da súa implicación. Unha historia que non pode ser esquecida, porque 175 anos non se cumpren todos os días!

Parabéns! Grazas